



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: Aprobación das bases e inicio do proceso selectivo para a contratación de dous/dúas peóns/oas forestais para o servizo de limpeza de montes e inicio do mesmo.

EXPEDIENTE: 2026/E001/000004

EXPEDIENTE DECRETO: 2026/G003/000226

Tendo en conta a resolución do 21 de abril de 2026 do director territorial da Coruña da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se lle concede unha subvención a este Concello por importe de 36.015,66€, equivalente aos custos salariais para a contratación de dous/dúas peóns forestais (axudante non titulado), para o servizo de limpeza de montes e silvicultura para previr incendios solicitada ao abeiro da Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo (DOG nº 24 do 5 de febreiro de 2026).

Vistas as bases elaboradas polo departamento de Persoal e RRHH e o informe asinado pola técnica xurídica o 7 de maio de 2026 onde se “(...) informan de xeito favorable as bases do proceso selectivo para a contratación de dous/dúas operarios/as peóns/oas forestais (axudante non titulado/grupo cotización 4) e formación de bolsa de emprego de acordo co recollido na Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo e do borrador de bases que consta no expediente de Tedec 2026/E001/000004(...)”.

Logo de que con data do 13 de maio de 2026 se emitise informe pola intervención municipal onde se “(...) fiscaliza de conformidade a contratación de persoal citada(...)” e se certificase a existencia de “crédito orzamentario adecuado e suficiente nas aplicacións orzamentarias 2026.170.131000 e 2026.170.16000 por importe de 26.861,19€ e 10.074,96€ para facer fronte aos gastos que orixinará esta contratación de persoal no exercicio 2026(...)”



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

Tendo en conta os prazos marcados na resolución da Consellería que fixan o día 1 de xullo de 2026 como data límite para a formalizar a contratación das persoas subvencionadas é polo que, en uso das facultades que me outorga o artigo 21.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, **RESOLVO**

PRIMEIRO.-Avocar singularmente neste caso a atribución delegada na Xunta de Goberno Local mediante o meu decreto 487/2025, do 04 de novembro de 2025, correspondente a “*aprobación da oferta de emprego público, das bases das probas para a selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo*”.

SEGUNDO.- Aprobar as bases, que quedan incorporadas como anexos a esta resolución, e autorizar o gasto correspondente para iniciar o procedemento de selección de dous/dúas peóns/as forestais, grupo de cotización catro (axudante non titulado), durante nove meses e na modalidade de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego.

TERCEIRO.- Designar como instrutora dos expedientes, a efectos do indicado na base sétima, á técnica xurídica do Concello, dona Sonia Campos Ares.

CUARTO.- Remitir ao servizo público de emprego de Galicia a correspondente oferta de emprego para a remisión de candidatos que unicamente se poderán presentar por este medio.

QUINTO.-Ordenar a continuación do procedemento de selección de conformidade coas bases aprobadas publicando este acordo no boletín oficial da provincia, a maior brevidade posible, así como no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello para que unicamente as persoas remitidas polo SEPE poidan presentar as súas solicitudes de participación e proceder a contratación do persoal subvencionado antes de rematar o prazo establecido pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

SEXTO.- Dar conta deste decreto á Xunta de Goberno Local e ao pleno do Concello.

Carral, na data da sinatura dixital que figura á marxe

O alcalde

Dou fe, a secretaria acumulada

José Luís Fernández Mouriño

Eva Jardón López



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

ANEXO I

BASES REGULADORAS QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE DOUS/DÚAS PEÓNS/OAS FORESTAIS PARA O SERVIZO DE LIMPEZA DE MONTES E SILVICULTURA PARA PREVER INCENDIOS AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN AO ABEIRO DO PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO 2026.

PRIMEIRA.-OBXECTO

O obxecto destas bases é regular a contratación laboral temporal para o servizo de limpeza de montes e silvicultura para a prevención de incendios de:

- dous/dúas peóns/oas forestais (grupo de cotización 4/axudantes non titulado)
- xornada completa, modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego (405).
- nove meses

O sistema de selección será o de concurso-oposición, condicionado o contrato á subvención concedida pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ao abeiro da Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo (DOG nº24, do 5 de febreiro de 2026).

O obxectivo desta contratación é o fomento do emprego público ou institucional desde a dobre perspectiva de por unha banda servir de ferramenta para a mellora da empregabilidade a través da adquisición de experiencia profesional das persoas traballadoras desempregadas que participan neles e por outra banda apoiar as entidades locais na prevención dos incendios forestais, así como na dinamización e xeración de novas actividades no medio local e rural que axuden á súa preservación.

SEGUNDA.- DURACIÓN DO CONTRATO, SALARIO E FUNCIÓNS

A duración do contrato será de nove meses dende a súa sinatura deste e cunha xornada de traballo a tempo completo. A contratación estará sempre supeditada á resolución de concesión da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

As persoas traballadoras recibirán un salario bruto de 1.444,15 euros/mes por todos os conceptos, incluída a parte proporcional da paga extra.

As tarefas a realizar estarán relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios nas faixas secundarias definidas na Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, como son a planificación



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes e a xestión da biomasa no termo municipal.

TERCEIRA.- REQUISITOS E CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DE TRABALLADORES E TRABALLADORAS

As persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

1. Ter a nacionalidade española, sen prexuízo de ter outra nacionalidade que lle permita o acceso ao emprego público conforme cos artigos 56 e 57 do Texto refundido do estatuto básico do empregado público e ao artigo 52 da Lei 2/2015 do emprego de Galicia.
2. Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima establecida para a xubilación forzosa.
3. Posuír a capacidade funcional para desempeño das tarefas do posto ao que se opta; non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias do posto obxecto desta convocatoria.
4. Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público. Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
5. Estar inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Este requisito deberá cumprirse tanto no momento de selección como no da formalización do contrato e ser candidatos/as previamente seleccionados polo SEPE de Galicia previa oferta de emprego realizada polo Concello de Carral.
6. Que non fosen contratadas no programa Aprod Rural (TR351G), por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2025 pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no ámbito de colaboración coas entidades locais, agás que o fosen en concellos rurais de menos de 10.000 habitantes (padrón municipal de habitantes 2025. IGE)

Os anteriores requisitos deberanse cumprirse no momento da presentación das instancias e no momento da contratación.

CUARTA.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

Unha vez publicado o correspondente anuncio no taboleiro de anuncios deste Concello e no BOP iniciarase o prazo

Páxina 5 de 14

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

para a presentación de solicitudes que será de **cinco (5) días hábiles**. Os/as candidatos, **remitidos unicamente pola oficina de emprego de Monelos trala oferta de emprego realizada segundo os requisitos do programa Galicia Suma Talento: Rural Activo 2026**, terán a súa disposición nas oficinas municipais e na web do Concello as bases co modelo de solicitude. A presentación da solicitude supón o coñecemento e aceptación expresa do contido destas bases.

As solicitudes (anexo I) dirixidas ao Sr. alcalde do Concello de Carral presentaranse no rexistro xeral do Concello (en horario de 9 a 14 horas) ou por calquera dos procedementos que establece o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán estar seladas e datadas polo funcionario de correos. Os/as aspirantes deberán comunicalo mediante correo electrónico (concello@carral.es) durante o mesmo prazo de presentación de instancias. En caso de non facerse esta comunicación a persoa interesada quedará excluído do procedemento de selección dada a urxencia do mesmo.

A instancia de solicitude para participar neste proceso selectivo acompañarase de:

- Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte.
- Declaración de cumprir cos requisitos sinalados nestas bases (anexo I)
- Tarxeta xustificativa de ser demandante de emprego.
- Certificado de coñecemento da lingua galega Celga 1 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia de acordo co disposto na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) publicada no DOG nº34 do 19 de febreiro de 2019.

Os aspirantes que non poidan acreditar o coñecemento do galego da forma prevista no apartado anterior deberán de acreditalo mediante a realización dunha proba de galego que terá carácter obrigatorio e eliminatorio, sendo valorada como apto/a ou non apto/a. Dita proba consistirá nunha entrevista en galego que se realizará o mesmo día da proba práctica.

Neste punto o tribunal poderá solicitar asistencia como asesoría con voz sen voto para a preparación, realización e valoración da proba de galego.

Non se admitirá máis documentación que a presentada con anterioridade á data límite de presentación de solicitudes.

Todas as notificacións que se realicen respecto ao presente procedemento de selección levaranse a cabo, exclusivamente, a través de publicacións no taboleiro de anuncios do Concello (www.carral.es).

QUINTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

1.-Os membros do órgano de selección serán designados pola Alcaldía, ao abeiro do establecido nos artigos 60 e 61 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

Empregado Público, e a súa composición publicarase no taboleiro de anuncios do Concello. Tenderase a que os membros do tribunal sexan persoal do propio Concello, non tendo dereito a percibir as indemnizacións por asistencia correspondentes segundo o RD 462/2002, do 24 de maio.

2.-Na composición do órgano de selección promoverase a presenza equilibrada de mulleres e homes, segundo a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

3.- Os membros do tribunal deberán absterse de intervir no procedemento cando concorran as circunstancias que prevé o artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, notificándoo á autoridade que os convoca. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

4.- O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a presenza de cando menos da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso, requírese a asistencia do presidente e do secretario ou dos que legalmente os substitúan. Cada sesión do tribunal recollerase na correspondente acta, sen que poida levantarse máis dunha acta por sesión.

5.- O tribunal adaptará o tempo e os medios de realización dos exercicios dos aspirantes con discapacidade, de forma que se garanta a igualdade de oportunidades cos demais participantes.

6.- O tribunal resolverá todas as dúbidas que se presenten no non previsto nestas bases adoptando os acordos que resulten procedentes.

SEXTA.- PROBAS DE SELECCIÓN

O sistema selectivo será o de concurso-oposición. Constará dunha fase de valoración de méritos (3 puntos) e dunha proba práctica (7 puntos).

6.1- Concurso (3 puntos)

6.1.1.- Formación.- Por ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas (ata un máximo de 1,75 puntos).

- 0,015 puntos por hora de formación en programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas e por cursos relacionados coas funcións propias dos postos a ocupar: ata un máximo de 1,0 punto.

6.1.2.- Experiencia profesional.- Por ter traballado en postos similares:

- 0,015 puntos por mes traballado en postos con funcións iguais ou similares aos que se pretende ocupar: ata un máximo de 1,0 punto.

6.1.3.- Outros méritos.- Posuír carné de conducir tipo B: 0,25 puntos.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

A estes efectos, só se computará o mes completo de traballo, que terá unha duración de trinta días, a xornada completa.

A experiencia laboral acreditarase coa presentación simultánea dos contratos de traballo e da vida laboral e a realización dos cursos cunha fotocopia do certificado de asistencia ou do diploma. Os cursos que non recollan as horas non serán computados e só se valorarán os cursos impartidos por organismos oficiais ou debidamente homologados por estes (especialmente escolas ou institutos administrativos de formación do persoal ao servizo das administracións públicas e universidades). En canto á experiencia profesional, os/as aspirantes con experiencia profesional nunha categoría superior á que se presentan computaralles para ese posto mais non ao contrario.

6.2.-Oposición (7 puntos)

6.2.1.- Proba práctica

A proba práctica será sobre traballos propios destes postos e terá unha duración máxima de quince minutos podendo o tribunal realizar preguntas de aplicación práctica. A valoración desta proba será do seguinte xeito:

- Destreza na realización da proba: 1,75 puntos
- Adecuación da elección dos materiais empregados: 1,75 puntos
- Axilidade na realización dos traballos (tempo empregado na realización do traballo): 1,75 puntos
- Adecuación das respostas ás preguntas prácticas realizadas polo tribunal: 1,75 puntos

Os/as aspirantes serán convocados en chamada única e terán que vir provistos do DNI ou documento que acredite a súa identidade no momento da proba. Os/as candidatos/as que non acrediten o nivel de galego Celga 1 realizarán o mesmo día da proba práctica unha entrevista en galego.

Para o caso de empate na puntuación final de dúas ou máis persoas, esta resolverase tendo en conta os criterios de preferencia marcados no artigo 14 da Orde da Xunta de Galicia relativos aos colectivos con especiais dificultades de inserción laboral:

- Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandería e xardinaría.
- Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia
- Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

humanos ou de explotación sexual.

- d) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- e) Persoas paradas de longa duración.
- f) Persoas con discapacidade.
- g) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- h) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- i) Persoas trans.
- j) Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendendo por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

SÉTIMA.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

No decreto de aprobación destas bases designarase a unha persoa encargada de recibir e comprobar a presentación polos/as candidatos/as da documentación requirida e de realizar unha proposta á alcaldía cos/candidatos admitidos/as e excluídos/as provisionalmente.

O alcalde ou órgano delegado ditará a resolución pola que se aprobará a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas que se fará pública no taboleiro do Concello, outorgándose un prazo de dous días hábiles para correccións ou emendas nos termos establecidos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. De non existiren candidatos/as excluídos/as, a listaxe provisional elevarase automaticamente a definitiva.

As reclamacións, de existiren, resolveranse na resolución pola que se aproba a listaxe definitiva que se publicará da mesma forma que a provisional. Nesta mesma resolución recollerase a composición do tribunal e o lugar, hora e a data da celebración das probas.

O día da realización das probas o tribunal levantará acta coas puntuacións outorgadas aos/as aspirantes en cada proba. A valoración destes méritos publicarase de forma global coa puntuación acadada na proba práctica conferíndolle a todos/as os/as interesados/as un prazo de dous días hábiles para reclamacións ou alegacións. De presentárense reclamacións ou alegacións o tribunal resolverá as mesmas e volverá a publicar a lista cos resultados definitivos que



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

elevará á alcaldía coa persoa proposta para ocupar o posto.

As persoas que non consigan ocupar o posto pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo de tal maneira que, se os/as seleccionados/as causan baixa por IT, maternidade, renuncia, etc, o Concello tirará desa bolsa para cubrir o posto vacante e polo tempo límite da subvención da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, isto é, ata cumprir os nove meses concedidos pola subvención concedida.

OITAVA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

O/A aspirante proposto para ocupar o posto deberán presentar no rexistro do Concello a seguinte documentación:

- a tarxeta de desemprego.
- a tarxeta da seguridade social
- certificado orixinal de titularidade de conta bancaria así como número IBAN.

De non presentarse dita documentación pola persoa con maior puntuación no prazo de dous días hábiles procederase ao chamamento da seguinte persoa con maior puntuación no procedemento de selección.

NOVENA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Xustificada a documentación sinalada no artigo anterior e, previa fiscalización preceptiva da intervención municipal, formalizarase o contrato entre o Sr. alcalde do Concello e o/a aspirante seleccionado/a. Ata que se formalice o mesmo e se incorpore ao posto, o/a aspirante non terán dereito á percepción económica algunha. Despois, mensualmente, recibirán o importe recollido na cláusula segunda destas bases (1.444,25€ mes).

DÉCIMA.- PROTECCION DE DATOS

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal que se faciliten incorporaranse a un ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Carral, coa finalidade de participar no presente proceso de selección. Mediante a participación no procedemento de selección, as persoas aspirantes ao mesmo, consenten, neste caso o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes, a cualificación de probas, a avaliación das persoas aspirantes, así como a provisión do posto. Igualmente, as persoas aspirantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de edictos do Concello e diarios oficiais, a efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de selección, aos representantes dos/as traballadores/as, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

Os datos pasarán a formar parte dun ficheiro xestionado polo departamento de persoal do Concello de Carral, con sede na Praza Campo da Feira 1, Carral (A Coruña), onde poderá exercitar en todo momento os dereitos que a Lei lle outorga (dereitos de acceso, rectificación, cancelación, limitación do tratamento e portabilidade) ou remitindo un correo electrónico a dpo@carral.es.

UNDÉCIMA.– NORMA FINAL E RECURSOS

Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e forma establecidos na Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a continuidade do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

En todo o non previsto nas presentes bases o tribunal quedará facultado para resolver e/ou interpretar as dúbidas que se poidan presentar e tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento do proceso; procurando, na media do posible, o anonimato dos/as aspirantes durante a realización e corrección das probas selectivas. E todo isto, con pleno sometemento ás previsións normativas aplicables ao respecto, e con arranxo ao sentido e contido das propias bases.

Contra a resolución que aprobe as presentes bases, que poñen fin á vía administrativa e cantos actos administrativos deriven das mesmas, os interesados poderán interpoñer, alternativamente, o recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes dende a súa publicación ou notificación, ante a alcaldía, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP), ou recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación ou da notificación da resolución do recurso de reposición ou da data en que este se entenda desestimado, ante o Xulgado do contencioso administrativo de A Coruña, de conformidade co art.46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a formular calquera outro recurso que se considere pertinente.

Carral, na data da sinatura dixital que figura á marxe

O alcalde

José Luís Fernández Mouriño



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

ANEXO I. MODELO DE INSTANCIA

Don/dona, con DNI nº e domicilio a efectos de notificación en con número de teléfonoe dirección de correo electrónico

Como candidato/a remitido/a pola SEPE de Galicia para o posto de traballo que o Concello de Carral pretende cubrir de peón/oa forestal para o servizo de limpeza de montes e silvicultura para previr incendios ao abeiro da subvención concedida pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ao abeiro do programa Galicia Suma Talento: Rural Activo 2026, **DECLARO/A:**

- 1º.- Que coñezo e acepto na súa integridade e sen obxección ningunha as bases que rexen a convocatoria.
- 2º.- Que solicito ser admitido/a ao referido concurso e comprométome a someterme ás bases que o regulan.
- 3º.- Que estou inscrito/a no SEPE de Galicia como demandante de emprego non ocupado e con dispoñibilidade para o emprego.
- 4º.- Que non padezo enfermidade, nin estou afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias do posto obxecto desta convocatoria. Que reúno todos e cada un dos requisitos establecidos nas bases da presente convocatoria..
- 5º.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- 6º.- Que non fun separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;
-no caso de ser nacional doutro Estado-, de non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
- 7º.- Que non fun contratado/a, por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2025 pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade do programa April Rural no ámbito de colaboración coas entidades locais, agás en concellos rurais de menos de 10.000 habitantes (Padrón municipal de habitantes 2025. IGE).

Xunto coa instancia (anexo I) achego anexo II coa relación de méritos

Páxina **12** de **14**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

Cláusula xeral: De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal que se faciliten incorporaranse a un ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Carral, coa finalidade de participar no presente proceso de selección. Mediante a participación no procedemento de selección, as persoas aspirantes ao mesmo, consenten, neste caso o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes, a cualificación de probas, a avaliación das persoas aspirantes, así como a provisión do posto. Igualmente, as persoas aspirantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de edictos do Concello e diarios oficiais, a efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de selección, aos representantes dos/as traballadores/as, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

Carral, de de 2026

O/a aspirante

Asdo.....

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO CARRAL



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

ANEXO II. RELACIÓN DE MÉRITOS

RELACIÓN DE MÉRITOS QUE SE XUSTIFICAN E FORMA DE ACREDITACIÓN:

Don/dona, con DNI nº e domicilio a efectos de notificación en con número de teléfonoe dirección de correo electrónicopresenta a seguinte documentación para participar no procedemento de selección para contratar un peón/oa forestal:

- DNI ou documento equivalente ao país da UE.
- tarxeta acreditativa de figurar inscrito/a como demandante de emprego no Servizo Público de Galicia. (documento de alta e renovación da demanda de emprego (DARDE))
- Celga 1 ou documento equivalente debidamente homologado.
- contratos de traballo ou a correspondente certificación expedido pola corporación local ou administración correspondente xunto co informe de vida laboral
- Carné de conducir
- Certificados dos programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas

Carral, de de 2026

O/a aspirante

Asdo.....

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO CARRAL